Xinetes cara ao mar

John Millington Synge

Tradución de Marín Veiga

ATG
asociación de tradutores galegos

John Millington Synge

Xinetes cara ao mar

Versión galega de Martín Veiga

PERSONAXES DA OBRA

MAURYA, unha vella
BARTLEY, o seu fillo
CATHLEEN, a súa filla
NORA, unha filla máis nova
HOMES E MULLERES

MARCO: Unha illa no oeste de Irlanda

Xinetes cara ao mar

Cociña dunha casa pequena, con redes, roupas de augas, unha roca, unhas táboas novas apoiadas na parede, etc. Cathleen, moza duns vinte anos, remata de amasar un bolo e pono no forno da bica xunta o lume; logo seca as mans e comeza a tecer. Nora, unha rapaza, asoma a cabeza pola porta.

NORA (en voz baixa). ¿Onde está?

CATHLEEN. Está deitada, que Deus a axude, e quizais a durmir, se é que pode.
Nora entra sen facer ruído e saca un vurullo de debaixo do seu chal.

CATHLEEN (xirando a roda con rapideza). ¿Que traes aí?

NORA. O crego novo acaba de traelas. Sonche unha camisa e unha media sinxela que lles quitaron a un home afogado en Donegal.

Cathleen detén a roda cun movemento súpeto e inclínase para escoitar.

NORA. Temos que descubrir se é que son de Michael, en calquera momento ela baixará a ollar polo mar.

CATHLEEN. ¿Como van ser de Michael, Nora? ¿Como chegaría ata alá, tan lonxe ao norte?

NORA. O crego novo di que el xa coñeceu casos semellantes. “Se é que son de Michael”, di el, “pódeslle dicir a ela que ten un enterro puro, pola gracia de Deus; e se non lle pertencen a el, que ninguén diga nin unha palabra sobre isto, pois ela morrerá”, di el, “entre os prantos e os lamentos.”
A porta que Nora entornou ábrese de golpe cun refacho de vento.

CATHLEEN (ollando para fóra con inquedanza). ¿Preguntácheslle se impediría que Bartley fose neste día cos cabalos á feira de Galway?

NORA. “Non o impedirei”, di el; “mais non teñas medo. Ela está a pregar durante media noite, e Deus Todopoderoso non a deixará indixente”, di el, “sen ningún fillo vivo.”

CATHLEEN. ¿Está o mar bravo onda os rochedos brancos, Nora?

NORA. Bastante bravo, que Deus nos axude. Haiche un bruído grandeiro ao oeste, e irá a peor cando a

marea cambie contra o vento. (Vai ata a mesa co vurullo). ¿Abrireino agora?

CATHLEEN. Quizais nos esperte, e entra antes de que rematemos (achegándose á mesa). Levaríanos moito tempo, e as dúas a chorar.

NORA (vai ata a porta interior e escoita). Estase a mexer na cama. Chegará dentro dun intre.

CATHLEEN. Dáme a esqueira, e poñereinas no faio da turba, de xeito que ela non saiba delas, e quizais baixe cando cambie a marea a ver se está aboiando desde o leste.

Poñen a esqueira contra a cheminea; Cathleen sobe uns poucos chanzos e agacha o vurullo no faio da turba. Maurya entra desde o cuarto interior.

MAURYA (ollando cara arriba para Cathleen e falando queixosa). ¿Non tes turba abonda para este día e esta noite?

CATHLEEN. Hai un bolo a cocer no lume desde hai un pouquiño (botando a turba para abaixo), e Bartley ha querelo cando cambie a marea, se vai a Connemara.
Nora recolle a turba e pona arredor do forno da bica.

MAURYA (sentando nun tallo ao pé do lume). Non irá neste día co vento a levantarse do sur e do oeste. Non irá neste día, pois o crego novo de seguro impedirallo.

NORA. Non llo impedirá, madre; e oínlles dicir a Eamon Simon e a Stephen Pheety e a Colum Shawn que iría.

MAURYA. ¿Onde está?

NORA. Baixou a ver se habería outro barco que saíse durante a semana, e penso que non ha tardar en volver agora, pois a marea está cambiando no promontorio verde, e a dorna cobreguea desde o leste.
CATHLEEN. Sinto a alguén que pasa polos penedos.

NORA (ollando para fóra). Xa vén, e leva moita présa.

BARTLEY (entra e olla arredor do cuarto. En voz baixa e triste). ¿Onde está o cacho de corda nova, Cathleen, que mercamos en Connemara?

CATHLEEN (baixando). Dálla, Nora; está nun cravo xunto das táboas brancas. Pendureina esta mañá, pois o porco de pés negros estaba comendo nela.

NORA (dándolle unha corda). ¿É esta, Bartley?

MAURYA. Era mellor deixar esa corda, Bartley, pendurando xunto das táboas (Bartley colle a corda). Botarase en falta neste lugar, dígocho eu, se a corrente trae a Michael mañá pola mañá, ou a mañá vindeira, ou calquera mañá da semana; pois será unha tumba ben fonda a que lle faremos, pola gracia de Deus.

BARTLEY (comezando a traballar coa corda). Non teño adival para baixar dacabalo da egua, e teño que marchar agora á présa. Este é o único barco que vai en dúas semanas ou máis, e a feira será unha boa feira para cabalos, oín dicir embaixo.

MAURYA. Serán ríspidas palabras as que dirán embaixo se a corrente trae o corpo e non hai homes aquí para facer o cadaleito, e eu veño de pagar moitos cartos polas mellores táboas brancas de Connemara.

Ela vólvese e olla para as táboas.

BARTLEY. ¿Como o vai traer a corrente, se nós estivemos ollando cada día durante nove días, e hai pouco sopraba un vento forte do oeste e do sur?

MAURYA. Se non se atopa, ese vento está a picar o mar, e no alto había unha estrela fronte á lúa, e erguíase na noite. Se tiveses cen cabalos, ou un milleiro de cabalos, ¿cal é o prezo dun milleiro de cabalos fronte a un fillo cando somentes queda un fillo?

BARTLEY (traballando no adival, a Cathleen). Baixa cada día, e mira que as ovellas non entren no centeo, e

se vén o tratante vende o porco dos pés negros se chegades a un bo prezo.

MAURYA. ¿Como vai ela acadar un bo prezo por un porco?

BARTLEY (a Cathleen). Se o vento do oeste se mantén co último chisco de lúa, ide ti e mais Nora apañar carromeiro abondo para outro pilo de argazo. Ímolo ter difícil desde hoxe cun home só para traballar.

MAURYA. Terémolo difícil con certeza o día que afogues cos demais. ¿De que xeito vou vivir eu e mailas mozas comigo, sendo xa unha vella na procura da tumba?

Bartley deixa o adival a un lado, quita o gabán vello e pon un máis novo da mesma flanela.

BARTLEY (a Nora). ¿Vai entrar no peirao?

NORA (ollando para fóra). Está a pasar polo promontorio verde e a arriar as velas.

BARTLEY (collendo o seu moedeiro e tabaco). Teño media hora para baixar, e verédesme regresar de novo dentro de dous días, ou tres días, ou tal vez catro días se o vento non é favorable.

MAURYA (volvéndose cara ao lume e poñendo o chal sobre a cabeza). ¿Non é duro e cruel un home que non atende a palabra dunha vella, que tenta arredalo do mar?

CATHLEEN. A vida dun home novo élle ir ao mar, ¿e quen ía escoitar a unha vella que sempre di o mesmo e non cansa de repetilo?

BARTLEY (collendo o adival). Teño que marchar agora á presa. Montarei a egua vermella, e o poldro gris correrá detrás miña... Que Deus vos bendiga.

Sae.

MAURYA (berrando cando está na porta). Xa marchou, que Deus nos perdoe, e non o veremos de novo. Xa marchou, e cando caia a noite negra non me quedará fillo ningún no mundo.

CATHLEEN. ¿Por que non lle deu a súa beizón, e el a ollar para atrás desde a porta? ¿Non é mágoa abonda a que sente todo o mundo nesta casa sen que vostede o despida cunha palabra malfadada detrás súa, e unha palabra áspera no oído?

Maurya recolle as tenaces e comeza a remexer no lume á toa sen ollar darredor.

NORA (volvéndose cara a ela). Está retirando a turba do bolo.

CATHLEEN (berrando). Que o Fillo de Deus nos perdoe, Nora, acabamos de esquecer o seu anaco de pan. (Achégase ao lume).

NORA. E estará desfeito desde agora ata a noite escura, sen comer nada desde que saíu o sol.
CATHLEEN (tirando o bolo do forno). Con certeza estará desfeito. A ninguén lle queda sentido ningún nunha casa na que unha vella fala sen parar.

Maurya arrandea na banqueta.

CATHLEEN (cortando un pouco de pan e envolvéndoo nun pano; a Maurya). Baixe agora ao manantío e déalle isto ao pasar. Verao daquela e romperá a palabra escura, e pode dicirlle “vai con Deus”, de xeito que a súa mente fique confortada.

MAURYA (collendo o pan). ¿Chegarei alí a tempo?

CATHLEEN. Se vai agora de présa.

MAURYA (erguéndose vacilante). Non estou ben disposta para camiñar.

CATHLEEN (ollando para ela con inquedanza). Dálle o bastón, Nora, senón vai esvarar nos penedos.

NORA. ¿Que bastón?

CATHLEEN. O bastón que Michael trouxo de Connemara.

MAURYA (collendo un bastón que Nora lle ofrece). No mundo de fóra os vellos deixan cousas após deles para os seus fillos e fillas, mais neste lugar son os mozos os que deixan cousas detrás para os que son vellos.

Sae lentamente. Nora achégase á esqueira.

CATHLEEN. Agarda, Nora, quizais dea a volta de présa. Está tan apenada, que Deus a axude, que non se sabe o que faría.

NORA. ¿Foise xa por tras da matogueira?

CATHLEEN (ollando para fóra). Xa marchou. Bótao para abaixo rapidamente, pois só Deus sabe cándo vai saír de novo.

NORA (collendo o vurullo do faio). O crego novo dixo que pasaría mañá, e poderiamos baixar e falar con el embaixo se resultan ser de Michael.

CATHLEEN (collendo o vurullo). ¿Dixo onde as atoparon?

NORA (baixando). “Eran dous homes”, di el, “e levaban poteen nunha barca antes de que cantasen os galos, e o remo dun deles prendeu no corpo, ao pasaren polos cantís negros do norte.”

CATHLEEN (tentando abrir o vurullo). Dáme un coitelo, Nora; o cordel derramouse coa auga salgada, e ten un nó negro que non se afrouxaría nunha semana.

NORA (dándolle un coitelo). Oín dicir que Donegal fica moi lonxe.

CATHLEEN (cortando o cordel). De seguro que si. Hai pouco estivo aquí un home -o home que nos vendeu ese coitelo- e dixo que se botabas a camiñar desde aquelas rochas tardarías sete días en chegar ata Donegal.

NORA. ¿E canto lle levaría a un corpo, se fose aboiando?

Cathleen abre o vurullo e saca un anaco de camisa e unha media. Ollan para elas ansiosamente.

CATHLEEN (en voz baixa). ¡Que Deus nos perdoe, Nora! ¿Non che parece ben complicado dicir se con certeza lle pertencen?

NORA. Collerei a súa camisa da percha para podermos poñer unha flanela sobre a outra. (Revisa algunhas prendas de roupa penduradas no recanto). Non está entre elas, Cathleen, ¿e el onde estará?

CATHLEEN. Estou pensando que Bartley a puxo esta mañá, pois a súa propia camisa estaba moi pesada polo salitre. (Sinalando o recanto). Hai un anaco dunha manga que era do mesmo pano. Dámo, e iso pode servir.

Nora tráello e comparan a flanela.

CATHLEEN. É o mesmo pano, Nora; mais anque se trate do mesmo hai grandes rolos del nas tendas de Galway, ¿e non terían moitos outros homes unha camisa feita del, así como o propio Michael?

NORA (que recolleu a media e contou os puntos, berrando). É Michael, Cathleen, é Michael; que Deus perdoe a súa alma, ¿e que vai dicir ela cando escoite esta historia, e Bartley no mar?

CATHLEEN (collendo a media). É unha media sinxela.

NORA. É a segunda do terceiro par que tecín, e boteille sesenta puntos, e escapáronme catro.

CATHLEEN (conta os puntos). Ese é o número de puntos que ten (berrando). Ah, Nora, ¿non é doloroso pensar nel aboiando ao longo do camiño todo ata tan lonxe ao norte, e sen ninguén para doerse del senón as fadas negras que voan sobre o mar?

NORA (dando media volta, e botando os brazos sobre a roupa). ¿E non é lamentable cando nada fica dun home que foi un gran remeiro e mariñeiro senón un anaco dunha camisa vella e unha media sinxela?

CATHLEEN (logo dun intre). A ver se é ela quen vén, Nora. Sinto un ruído lene no camiño.

NORA (ollando para fóra). É ela, Cathleen. Estase achegando á porta.

CATHLEEN. Garda esas cousas antes de que entre. Quizais estea máis acougada logo de lle dar a súa beizón a Bartley, e nós non diremos nada de que temos novas en tanto el está no mar.

NORA (axudando a Cathleen a pechar o vurullo). Poñerémolas aquí no recanto.

Póñenas nun burato no recanto da cheminea. Cathleen volve á roca.

NORA. ¿Notará que estiven a chorar?

CATHLEEN. Mantén as costas cara á porta de xeito que a luz non dea sobre ti.
Nora senta no recanto da cheminea, de costas á porta. Maurya entra moi de vagar, sen ollar para as mozas, e vai ata o tallo ao outro lado do lume. Aínda leva na man o pano co pan. As mozas óllanse, e Nora sinala o atadallo co pan.

CATHLEEN (logo de tecer durante un intre). ¿Non lle deu o seu anaco de pan?

Maurya comeza a laiarse suavemente, sen volverse.

CATHLEEN. ¿Viuno cabalgar cara abaixo?

Maurya segue a se laiar.

CATHLEEN (cun pouco de impaciencia). Que Deus a perdoe; ¿non é mellor erguer a voz e dicir o que viu que lamentarse por algo que xa pasou? Estoulle a preguntar se viu a Bartley.

MAURYA (con voz feble). Teño o corazón roto desde hoxe.

CATHLEEN (como antes). ¿Viu a Bartley?

MAURYA. Vin a cousa máis arrepiante.

CATHLEEN (deixa a roca e olla para fóra). Que Deus a perdoe; agora vai dacabalo da egua sobre o promontorio verde, e o poldro gris detrás súa.

MAURYA (sobresáltase, de xeito que o chal cáelle da cabeza e amosa o seu cabelo branco revolto. Cunha voz aterrecida). O poldro gris detrás súa...

CATHLEEN (achegándose ao lume). ¿Que lle pasa?

MAURYA (falando moi de vagar). Vin a cousa máis arrepiante que ninguén viu desde o día en que Bride Dara viu o morto aquel coa crianza nos brazos.

CATHLEEN e NORA. Ouh.

Anícanse diante da vella ao pé do lume.

NORA. Díganos qué viu.

MAURYA. Baixei ao manantío, e alí agardei pregando para min. Daquela chegou Bartley, e montaba a egua vermella co poldro gris detrás súa (levanta as mans, como para evitar ollar algo). ¡Que o Fillo de Deus nos perdoe, Nora!

CATHLEEN. ¿Que viu?

MAURYA. Vin ao mesmiño Michael.

CATHLEEN (falando paseniño). Non tal, madre. Non foi Michael a quen viu, pois acaban de atopar o seu corpo lonxe ao norte, e ten un enterro puro, pola gracia de Deus.

MAURYA (con actitude un pouco desafiante). Acabo de velo neste día, dacabalo e galopando. Bartley chegou primeiro na egua vermella, e eu tentei dicir “vai con Deus”, mais algo atragoou as palabras na miña gorxa. Pasou axiña; e dixo “que Deus a bendiga”, e eu non fun capaz de dicir nada. Mirei entón, chorando, para o poldro gris, e Michael ía sobre el -e levaba unha roupa requintada, e zapatos novos nos pés.

CATHLEEN (comeza a laiarse). Estamos desfeitas desde hoxe. Certamente desfeitas.

NORA. ¿Non dixera o crego novo que Deus Todopoderoso non ía deixala indixente sen ningún fillo vivo?

MAURYA (en voz baixa, mais claramente). Pouco é o que alguén coma el sabe do mar... Bartley estará perdido agora, e dille a Eamon que veña e que me faga un bo cadaleito coas táboas brancas, pois eu non hei vivir máis ca elas. Tiña un marido, e o pai do marido, e seis fillos nesta casa -seis homes autentes, aínda que foi un parto difícil o que tiven con todos eles cando viñeron ao mundo- e a algúns deles atopáronos, e a algúns non os atoparon, mais idos están agora todos eles... Stephen e Shawn, que se perderon no grande vento, e atopáronos logo na Badía de Gregory da Boca Dourada, e trouxéronos aos dous sobre dun taboleiro, e metéronos por esa porta.

Detense durante un intre, as mozas sobresáltanse como se oísen algo a través da porta que está medio aberta detrás delas.

NORA (nun murmurio). ¿Sentiches iso, Cathleen? ¿Sentiches un ruído ao nordés?

CATHLEEN (nun murmurio). Alguén acaba de berrar na ribeira.

MAURYA (continúa sen oír nada). Sheamus e o seu pai, e logo o seu propio pai, que se perderon nunha noite escura, e nin unha pegada se achou deles cando saíu o sol. E Patch, que logo afogou ao envorcar o seu curagh. Eu estaba aquí sentada con Bartley, e el era un neno de berce tendido nos meus xeonllos, e vin dúas mulleres, e tres mulleres, e catro mulleres que entraban, e persignábanse e non dicían nin unha palabra. Entón mirei para fóra, e había homes que viñan detrás delas, e termaban de algo no medio dunha vela vermella, e pingaba auga dela -aquel día non chovía, Nora- e deixaba un rastro ata a porta.

Detense de novo coa man estendida cara á porta. Ábrese suavemente e comezan a entrar vellas, persignándose no limiar e axeonllándose diante do escenario con bisos vermellos na cabeza.

MAURYA (medio ensoñada, a Cathleen). ¿É Patch, ou Michael, ou que raio é?

CATHLEEN. A Michael acaban de atopalo lonxe ao norte, e se o atoparon alá, ¿como podería estar aquí, neste lugar?

MAURYA. Ten que haber unha morea de homes novos aboiando polo mar, e de qué xeito ían saber se o que recolleron era Michael ou outro home coma el, pois cando un home pasa nove días no mar, e o vento a soprar, mesmo á súa propia nai lle sería difícil dicir se aquel home era o seu fillo.

CATHLEEN. É Michael, que Deus o perdoe, pois acaban de nos mandar uns retallos da súa roupa desde lonxe ao norte.

Estende a man e dálle a Maurya a roupa que pertenceu a Michael. Maurya érguese de vagar e cóllea nas mans. Nora olla para fóra.

NORA. Levan algo entre eles, e vai pingando auga e deixando un rastro onda os penedos.

CATHLEEN (nun murmurio ás mulleres que entraron). ¿Trátase de Bartley?

UNHA DAS MULLERES. Trata, con certeza, que Deus o teña na gloria.

Dúas mulleres máis novas entran e achegan a mesa. Logo uns homes levan adentro o corpo de Bartley, tendido nun taboleiro, cun anaco de vela por riba, e póusano na mesa.

CATHLEEN (ás mulleres mentres o fan). ¿De que xeito afogou?

UNHA DAS MULLERES. O poldro gris tirouno ao mar, que o levou ata onde rompen grandes vagallóns sobre os rochedos brancos.

Maurya achegouse e axeonllouse á cabeceira da mesa. As mulleres láianse lenemente e arrandean cun movemento pausado. Cathleen e Nora axeónllanse na outra banda da mesa. Os homes axeónllanse preto da porta.

MAURYA (erguendo a cabeza e falando como se non vise a xente arredor súa). Xa todos se foron, e non hai máis nada que o mar me poida facer... Agora non terei obriga de me erguer chorando e pregando cando o vento azouta do sur, e se sinten os vagallóns que rompen ao leste, e os vagallóns rompen ao oeste, facendo un estrondo abouxante cos dous ruídos, ao bater un contra o outro. Agora non terei obriga de baixar e me facer con Auga Bendita nas noites escuras despois do Día de Defuntos, e non me vai importar o estado no que se atopa o mar cando as outras mulleres estean a laiarse. (A Nora). Dáme a Auga Bendita, Nora; aínda queda unha pouquiña no aparadoiro.

Nora dálla.

MAURYA (deixa caer a roupa de Michael aos pés de Bartley, e salfire a Auga Bendita sobre el). Non é que non pedise por ti, Bartley, a Deus Todopoderoso. Non é que non pregase na noite escura ata que non se soubese o que estaría a dicir; mais será un grande repouso o que vou ter agora, e a verdade, xa era hora. Será un grande repouso o que vou ter agora, e un sono profundo nas noites longas despois do Día de Defuntos, se todo o que temos para xantar é só un pouco de fariña mollada, e quizais un peixe fedorento.

Axeónllase novamente, persignándose e pregando entre dentes.

CATHLEEN (a un vello). ¿Queren vostede e mais Eamon facer un cadaleito cando saia o sol? Temos unhas táboas brancas moi boas que ela mesma mercou, que Deus a axude, pensando que atoparían a Michael, e teño un bolo fresco que poden xantar mentres traballan.

O VELLO (ollando para as táboas). ¿Hai cravos con elas?

CATHLEEN. Non, Colum, non hai; non pensamos nos cravos.

OUTRO HOME. É ben abraiante que ela non pensase nos cravos, con todos os cadaleitos que xa viu facer.

CATHLEEN. Está envellecendo, e ten o ánimo quebrantado.

Maurya érguese novamente moi de vagar e esparexe os retallos da roupa de Michael a carón do corpo, salferíndoos co que queda da Auga Bendita.

NORA (nun murmurio a Cathleen). Está tranquila agora e acougada; mais o día no que Michael afogou sentíase o seu pranto desde aquí ata o manantío. Quería máis a Michael, ¿e quen o ía pensar?

CATHLEEN (de vagar, mais claramente). Unha vella logo se fatiga por calquera cousa que faga, ¿e non son xa nove días os que leva chorando e laiándose, e causando infindo pesar na casa?

MAURYA (deixa a cunca baleira boca abaixo na mesa, e pousa as mans unidas sobre os pés de Bartley). A esta hora están todos xuntos, e chegou o final. Que Deus Todopoderoso teña misericordia da alma de Bartley, e da alma de Michael, e das almas de Sheamus e Patch, e de Stephen e Shawn (inclinando a cabeza); e que El teña misericordia da miña alma, Nora, e da alma de todos os que quedan con vida no mundo.

Detense, e a intensidade dos laios das mulleres aumenta un pouco máis, logo esvaécese.

MAURYA (continuando). Michael ten un enterro puro lonxe ao norte, pola gracia de Deus Todopoderoso. Bartley terá un bo cadaleito feito coas táboas brancas, e unha tumba ben fonda, con certeza. ¿Que máis podemos desexar? Ningún home pode vivir por sempre, e temos que estar satisfeitas.

Axeónllase de novo e o pano cae lentamente.